

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 24 de xaneiro de 2022 pola que se amplía o prazo máximo de execución e de presentación da solicitude de cobramento da Resolución do 17 de decembro de 2020 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para 2021 en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende) (código de procedemento IG406F).

Mediante a Resolución do 17 de decembro de 2020 dáse publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para 2021 en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende) (DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2021).

Nesa resolución establecíase que o prazo máximo de execución dos proxectos rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder o 31 de xullo de 2022, e fíxase esa mesma data como límite para a presentación da solicitude de cobramento.

A prolongación do procedemento de resolución dos expedientes deixa un prazo de aproximadamente 8 meses entre a data de notificación da resolución e a de fin de execución que se considera insuficiente para realizar os proxectos aprobados, que comporta unha alta carga de investimento.

Co fin de posibilitar un prazo o suficientemente longo para unha execución correcta dos proxectos,

RESOLVO:

Primeiro. Ampliar ata o 31 de decembro de 2022 o prazo máximo de execución dos proxectos aprobados, e ata o 31 de xaneiro de 2023 o prazo máximo para presentar a solicitude de cobramento, establecidos ambos no parágrafo segundo, punto quinto, da Resolución do 17 de decembro de 2020 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello



de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para 2021 en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende).

Segundo. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Fernando Guldrís Iglesias
Director do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: awfte1q1-xj01-gbg6-whh1-bqdqlet1xn1

